

RETALLOS

MICRORRELATOS

Sono ... logo escribo

CARMEN MARTÍNEZ REY

RETALLOS

Autores: alumnado do instituto

Edición: Equipo de Dinamización Lingüística

Ilustración da cuberta: Carmen Martínez Rey

Deseño e maquetación: Cholo Buceta

© IES Armando Cotarelo Valledor

Sobradelo – Vilagarcía de Arousa

— Xuño de 2022 —

A imaxinación sempre será fonte inesgotable de liberdade.

O agradecemento sincero aos alumnos e alumnas que aceptaron embarcarse na aventura de vestir a imaxinación con palabras.

Mención especial á colaboración solidaria de Toño, profe de X. e H. do Cotarelo, por agasallarnos co seu retallo de arte narrativa.

EDL Cotarelo

Equipo de Dinamización Lingüística

Índice

01.- Olor a gardenias	Toño Campos	1
02.- Galerías na fraga	Patricia Bouzas Blanco	3
03.- Suor	Daniel Pardo Patiño	5
04.- Soño ou realidade?	Luís Céspedes	7
05.- Por que les isto?	Marcos Conde	9
06.- A derradeira carta	Alicia Rodríguez	11
07.- Un funeral insólito	Natalia Santos Oubiña	13
08.- Farta	Mara Gez. Santamaría	15
09.- Vermella penumbra	Irene Núñez Villaverde	17
10.- Alda	Sheila Souto	19
11.- Quería ser ladrón	Carmelo Cores	21
12.- Os patriotas	Oihana García Laroussi	23
13.- Queda entre nós	Daniela García Millán	27
14.- Cinco misterios	Helena García Osorio	31
15.- Perdido	Hugo Oliveira	33
16.- O principio do final	César Noya	35
17.- Humildade	Javier Gómez Aranzazu	37
18.- Mar profundo	Roque Doval	39
19.- Berra	Irene Diz Agrelo	41

20.- Demo	Antía Maneiro	43
21.- Burato de verme	Lucía del Valle Vidal	45
22.- A mellor xogada	Xoán Patiño	49
23.- O abismo das almas	Marcos Iglesias Chaves	51
24.- O xardín das bolboretas	Diana Santiago Vila	55
25.- El	Pablo Camba	57
26.- Posuída	Andrea Patiño	59
27.- A última malleira	Clara Ríos	61
28.- O que agocha o mar	Alae Moustaghfir Sabri	65
29.- A luz misteriosa	Alba Lorenzo	67
30.- Recordos	Ararat Pazos	69
31.- O poder de Own	Beatriz Fez. Montáns	71
32.- A chamada	Fco Javier Cardalda	73
33.- O Lume do Amor	David Ferreira	75
34.- O pexego podre	Mario Rodríguez	77
35.- Unha vida de pesadelo	Martina Kilmurray Ucar	79
36.- Onde está? Que pasou?	Carlos Rodríguez Pérez	81
37.- Xuntos	Rocío Fez. Vila	85
38.- Mnemosine	María De Miguel	87
39.- Monstros na escuridade	Alba Besada	89
40.- Encontro inesperado	Aldara Gil	91
41.- Árbore de mango	Camila Gez. Mendoza	93
42.- Torpe despertar	Carmen Martínez Rey	95

43.- Hipnocina	Diego Dieste	97
44.- Flores por canóns	María Alexandra Acuña	99
45.- Como un tsunami	María Piñeiro Ruibal	101
46.- Rutina	Pablo Lorenzo	103
47.- Pedras, rochas, e outras...	Victoria Iglesias	105
48.- O lugar elixido	Adam Mariño	107
49.- Separados?	Cayetana Patiño	109
50.- As bonecas dan medo	Jorge Maceira	111
51.- Efecto bolboreta	Sara Paz Recousó	113
52.- A besta encapuchada	Álvaro Abalo	115
53.- Nada que perder	Aroa Bispo	117
54.- Cousas da vida	Brais García Bello	119
55.- Futuro inevitable	Cibrán Rguez. Rubianes	121
56.- Pokemon Zoroark	Dani Agrelo	123
57.- Tempo	Laura Caneda Lago	125
58.- Voces	Brais Cortizo	127
59.- Xogando a ser maiores	Naira Vázquez Brea	129
60.- Un amigo de verdade	Rubén Navarro	131
61.- O Poder da Política	Diego Losada Millán	133

01.- Olor a gardenias

Toño Campos (Profesor de X^a e H^a do IES Cotarelo)

Espertei pronto porque era un día especial e agardado; a habitación recentemente pintada de cor verde pastel transmitíame alegría e o recendo das gardenias proporcionábame calma e benestar.

Había moito tempo que non me sentía tan agradecido e empezaba, por fin, a experimentar felicidade.

Escoitei, ao lonxe, a voz de meu pai que me reclamaba para recollelo e dar comezo a ese agardado día... estupendo!

Non puideren acudir á súa chamada.

Ao erguerme vin sobre a cómoda a miña necrolóxica.

Morrera. Había xusto un ano.

02.- Galerías na fraga

Patricia Bouzas Blanco

Corría polo bosque, libre, sentindo o vento suave dun atardecer que pronto daría paso a unha noite estrelada de verán que se reflexaría naquel mar celeste. Corría e corría ata que nunha parte do camiño comezou a escoitar ruidiños e risiñas pouco perceptibles para todo aquel que non se fixase nos pequenos detalles.

Decidiu deixar aquel camiño de pedras desgastadas e andar por outro que ía polo medio de todas aquelas árbores e casas xa derruídas que contaban historias de moitos anos atrás e que agora as árbores trataban de coidar envolvéndoas coas súas follas como se fosen tesouros, as pequenas criaturas máxicas seguíanas, mais sendo coidadosas de que non as vise.

Aquel camiño deu no que parecían unhas ruínas dunhas galerías no medio da fraga. Entrou: unha voz dentro dela dicía que seguise. E seguiu. Chegou a un corredor cheo de tendas abandonadas; veu ao fondo unha misteriosa porta con relevés en dourado que aparentaba ter moitos séculos de historia ás costas.

Cando a abriu, os seus ollos avistaron todo un novo mundo de fantasía.

03.- Suor

Daniel Pardo Patiño

Martiño súa.

As sabas non lle deixan correr entre as árbores do bosque.

Cae un raio aterrador. Comeza a arder o bico dun pino.

O vento fai que rapidamente o lume se estenda. A calor é insoportable...

...Tan insoportable como a voz da nai lembrándolle que non debía ter mirado películas de medo antes de deitarse.

04.- Soño ou realidade?

Luís Céspedes

O Neno corría desesperadamente con todas as súas forzas, con todas as súas ganas. Dobrou a esquina da rúa sen parar. Era de noite e non había unha soa alma por alí.

Tiña o corpo suorento de tanto correr e a cabeza aterrada do medo que sentía. Detrás del seguía unha sombra escura e solitaria, sen correr, sen moverse, pero sempre detrás del dende o outro lado da rúa.

Non parou ata chegar a unha calella sen saída. Entón mirou ó seu redor asustado, decatándose duns colectores de lixo, detrás dos cales se agochou con rapidez.

Acurrucouse tremendo de medo, pechou os ollos e aguantou a respiración. Intentaba pasar totalmente desapercibido, aínda que no fondo sabía que a sombra íao atopar, xa que se ata aí non lle dera *esquinazo*, era imposible que agora pasase de largo.

A sombra entrou na calella e empezou a acercarse ao fondo, onde estaban os cubos. O Neno comezou a tremer máis e a chorar en silencio.

Cada vez íase arrimando lentamente máis e máis aos colectores. Estaba a punto de tocalo no ombreiro cando o Neno abriu os ollos, deu a volta e veuna.

Subitamente espertou chorando e con moitísimo medo coa imaxe recente na súa mente.

Foi axiña cos seus pais ao seu cuarto entre bágoas e lanzouse xunto deles. Estes, erguéndose sobresaltados, intercambiaron miradas desconcertados e intentaron calmar o seu fillo.

Mentres, a sombra mirando dende a porta.

05.- Por que les isto?

Marcos Conde

Daniel fora un neno malcriado polo seu avó e, como era un lacazán, decidiu acudir á internet onde descobre un xogo de medo en realidade virtual.

O protagonista do xogo tiña a cara pálida coma el, o pelo negro e longo coma el e estaba nun cuarto igualiño ao del. Mais non lle concedeu importancia e avanzou no xogo.

Tras pasar o tutorial algo mudou de súpeto ao seu redor, tanto que pediu auxilio e...

A primeira persoa en chegar non atopou máis ca unha longa mensaxe na pantalla que remataba con:

“ por que les isto?? “

06.- A derradeira carta

Alicia Rodríguez

Cando escribiu esa carta pensou que sería a última da súa vida, por iso, nela confesou o crime do que fora acusado facía dez anos e do que fora declarado inocente.

Cría que nunca chegaría a confesalo a non ser que fose consumido pola loucura ou torturado eternamente, pero cando lle comunicaron que era un paciente terminal chamou de inmediato á policía para informar de que el fora o verdadeiro asasino de Roque.

Xusto antes de recibir a resposta da policía e ser enviado ao cárcere recibiu a noticia de que podería recuperarse do seu cancro.

Suicidouse.

07.- Un funeral insólito

Natalia Santos Oubiña

Atópome nun lugar moi blasfemo, completamente en soidade, decatándome de que a toda a xente á que cría importarlle me traizoou; nin unha flor me dedicaron, nin a menor das bágoas.

Decátome de que a maioría dos achegados non mereceron os meus choros. Bágoas en van percorreron pola miña cara ao decatarme de que ninguén estivo para min no momento necesitado, malo, pésimo...

Tiña que entrar en razón, mais non o fixen. Esta sociedade levoume ao suicidio...os comentarios fóra de lugar, as críticas desproporcionadas, os desprestixios en calquera das súas formas, recalcando as miñas imperfeccións e creándome máis complexos.

Abriron a porta á miña morte. Quitáronme a miña vida que xa non podo recuperar.

E aquí estou, morta e desolada, sen que ninguén esgote o seu tempo e bágoas na miña memoria.

Xa non son importante para eles, nin nunca o fun.

A verdade é que non estou morta, isto non é ningún funeral.

Esta sociedade estame matando, estanos a matar, e ninguén se está a decatar.

Por iso estou neste blasfemo lugar: a tumba da miña mente, o suicidio da miña estabilidade e alma.

08.- Farta

Mara González Santamaría

Corrín ao baño, farta de todo, cansa das críticas, decidida a facer o que levaba tempo pensando.

Parei un instante, e chorando boteime unha ollada no espello.

As bágoas caían pola miña cara, preguntábame que fixera mal, cal fora a causa de que todo o mundo estivese na miña contra.

Fun ao meu cuarto, collín papel e boli, e escribín: “perdoa mamá”.

Volví ao baño, achegueime ao armario en busca dalgún obxecto punzante e, cando me decatei, xa ía esvaecendo pouco a pouco, desangrándome na bañeira do meu baño.

Os meus ollos pechados, as bágoas pararan, o meu corazón deixara de latexar, e eu... eu deixei de sentir.

09.- Vermella penumbra

Irene Núñez Villaverde

Por unha bizarra razón decidira ir ao faiado nesa noite de tormenta.

Na penumbra que envolvía a estancia só vía dous puntiños vermellos ignorando de que obxecto procedían.

De súpeto os puntiños vermellos achegábanse con velocidade; reaccionou rapidamente e conseguiu apuntar cara o elemento agresor. Mais cal foi a súa sorpresa cando descubriu que era unha vella radio enriba dunha mesiña de rodas.

Ao parecer movérase a causa dun estraño efecto...

Ou... quizais non?

10.- Alda

Sheila Souto

19:45 – Sen sinais de vida

19:46 – Sen sinais de vida

19:47 – Sen sinais de vida

19:48 – Unha mensaxe ilumina a pantalla do teléfono de Alda.

Rapidamente, érguese da cama ata chegar á mesa onde o tiña inmóbil dende había xa 30 minutos.

19:49 – Mario, o seu mozo dende uns meses atrás, estalle a preguntar onde está.

Os nervios apodéranse do corpo da adolescente de 17 anos.

20:00 – Deixa o móbil de novo no seu sitio e retoma a súa posición inicial.

20:01 – Novos timbres de mensaxes retumban na habitación.

Alda ténsase cada vez máis nos seus adentros.

20:02 – escoita ruídos na porta da casa. Silencio. Escóitao de novo cada vez máis cerca.

20:03 – Alguén pronuncia o seu nome dende as escaleiras.

20:04 – Alda érguese da cama para esconderse no armario. Bágoas de medo empezan a brotar do seus ollos.

20:05 – Os ruídos cesan. Un golpe na porta do seu cuarto.

—Alda!! sal! Sei que estás aí, non teñas medo, pídoche perdón, ti sabes que non o fixen a propósito, ti sabes que te quero...

20:06 – a voz calmada daquel rapaz vólvese grave e ameazadora,

—Alda! Ábreme a porta, hostia, non sexas mixirica... estache ben, por zorra!! Alda!!

20:07 – Cun son estremeecedor, a porta cede e unha figura móvese dentro da habitación.

Ela obsérvao todo dende polas fendas do armario tratando de non facer ruído, mais unha percha cae ó chan.. o rostro do intruso fai contacto visual co sitio do que provén o ruído...

— Xa te teño!!!

11.- Quería ser ladrón

Carmelo Cores

Roberto dicía que cando fose maior sería ladrón. A mestra de Primaria non daba creto ao que escoitaba. As respostas recorrentes eran bombeiro, policía, médico...Nada relacionado co furto, desde logo!

O primeiro asalto con éxito foi a unha tenda pequena. A emoción en exceso levouno a decantarse por dar un golpe completo a un banco. Foi arrestado e condenado a dez anos de cadea.

Roberto ía xa algo vello e as súas destrezas motoras estaban debilitadas, mais quería seguir exercendo de ladrón.

Ata que se lle veu a idea de optar a un traballo en Facenda.

Roberto foi feliz.

12.- Os patriotas

Oihana García Laroussi

Esta historia remóntase a maio de 1982.

Un grupo de once xoves mariñeiros, amigos dende a infancia, procedentes de Marín, foron chamados para alistarse no exército. Este grupo estaba composto por Lois, Antón, Breogán, Anxo, Nemesio, Diego, Ezequiel, Isaac, Raúl, Alberto e Samuel.

Eran coñecidos por todo o pobo como “os *Labandeiras*” xa que eran dos poucos mozos que quedaban na zona. Todos tiñan a vida medio resolta, uns traballaban cos seus pais e outros vendían na praza o peixe que collían no mar.

Coma todos os domingos, despois de traballar, foron á casa de Anxo para tomar uns viños e conversar. Reuníanse sempre ás 5 e media da tarde, pero, coma sempre, había algúns despistados como Nemesio e Antón, que acotío chegaban tarde.

Cando a súa troula terminou e todos estaban nas súas casas, os seus pais informáronlles de que chegara unha carta conforme tiñan que alistarse no exército do mar. Todos sabían que ese momento agridoce chegaría.

Faltaba unha semana para alistarse, e decidiron aproveitala, percorrendo os lugares máis bonitos de Galicia e aínda que todos tiñan unha sensación de amargura e á vez de felicidade no corpo, decidiron non pensar moito no futuro e gozar o presente.

Durante a viaxe, decidiron facer unha tatuaxe moi especial para eles que no caso de que perdesen o contacto, eso axudaríaos a recoñecerse ao longo da vida.

Chegado o momento, cada un dos integrantes de “os *Labandeiras*” foi destinado a un lugar distinto. Uns foron á costa catalá, outros a Andalucía, a Valencia, a Cantabria... Totalmente illados polo deber.

Dous anos despois...

No porto de Marín, encóntrase unha estatua de once mozos ondeando a bandeira galega, con expresión de orgullo e satisfacción.

Aos pés da escultura encóntrase unha placa que reza o seguinte:

29 de maio de 1984

En lembranza aos mozos que tiveron o suficiente valor de enfrontarse á furia das olas do mar, que fixo moito dano as súas familias, deixando unha enorme pena ao noso pobo.

Todo polo seu deber: Lois, Antón, Breogán, Anxo, Nemesio, Diego, Ezequiel, Isaac, Raúl, Alberto e Samuel.

Eu mesma revelarei as tatuaxes dos mozos: Lois, Antón, Breogán, Anxo, Nemesio, Diego e Ezequiel tatuáronse unha cruz; Isaac, un cáliz coa hostia; Raúl, unha coroa; Alberto, unha franxa azul; e Samuel, un escudo.

Os forenses decatáronse do feito e comunicáronllo ao alcalde, o cal conseguiu que toda España fose coñecedora da triste nova.

Grazas a estes mozos nacín eu...

13.- Queda entre nós

Daniela García Millán

“Estou escondido nun sitio seguro por agora, pero non me queda moito tempo polo que teño que ser rápido e preciso. Descubríronme e veñen a por min. Este non é un caso dunha desaparición calquera como pensabamos cando comezamos a investigalo, isto vai moito máis alá. Están involucradas moitas persoas importantes coas que temos todas as de perder. Só é a punta do iceberg e pídoche por favor que non sigas coa investigación xa que non quero que corras a mesma sorte ca min. Grazas por ser a mellor compañeira que puideren ter durante toda a niña carreira.

Deséxoche moita sorte.

V.”

Pasaron moitos pensamentos pola cabeza de Marc, o axudante de policía, cando leu a carta que encontrou ao rexistrar o corpo daquela moza no bosque.

“¡Por fin un caso interesante!” pensou.

Era un mozo xove que comezara a traballar como aprendiz do inspector Gómez na policía de Vilaseca dende facía 6 meses.

Só traballara con roubos pequenos e algún que outro vándalo que *pintarraxeara* algunha parede, pero isto era diferente.

Cando escoitou o aviso de que atoparan o corpo dunha muller xove na fraga do pobo xa sabía que o caso prometía, “verás cando lles conte aos meus amigos”, pero non se esperaba unha carta daquel tipo nun dos petos do pantalón vaqueiro daquela rapaza loira.

De súpeto chegou o inspector de policía Javier Gómez, un home duns 50 anos con aire un pouco sinistro, que levaba toda a vida liderando a comisaría de Vilaseca.

Era unha persoa moi respectada, especialmente pola súa larga carreira apresando aos malos.

— Que temos aquí? – preguntou ao seu axudante.

— Unha muller loira duns 30 anos sen identificar. Os da científica están buscando máis pistas para saber quen era. Atopei isto nun dos petos do pantalón. -respondeu mentres lle daba a carta.

O inspector comezou a lela en silencio mentres a súa expresión tensábase e a súa pel tornaba pálida.

Tragou chuspe e colleu polo brazo a Marc mentres se dirixían a un recuncho solitario.

— Non podes dicir a ninguén que atopaches isto. Nin á científica nin pode saír en ningún dos arquivos, escóitame? Como abras a boca vas coñecer as consecuencias. - dixo Javier Gómez mentres engurraba e sinalaba a carta que despois gardou no seu peto.

— Non vou dicir nada xefe, prométoo.- dixo Marc asustado e sorprendido ante a reacción do comisario. Durante os 6 meses que estivera con el nunca o vira así.

— Queda entre nós. – dixo o comisario antes de ir ao seu coche.

Alí tecleou un número no seu teléfono e chamou.

Un ton, dous... e ao terceiro unha voz respondeu:

— Xa a atoparon?

— Si. Tiña unha carta que atopou o axudante. Vou agora para aí e miramos que facer.- dixo o comisario mentres se dirixía, sen sabelo, ao seu final.

14.- Cinco misterios

Helena García Osorio

Nun instituto de Galiza existen cinco misterios. Cada misterio oculta a súa propia pequena historia.

O primeiro misterio di que, ás doce da noite, non debes subir ao primeiro piso. Ningún alumno que fora a tal hora volveu baixar nunca xamais, e non se atopou rastro ningún.

O segundo di que non debes nunca ir ao baño de mulleres do terceiro piso. A lenda conta que nese mesmo baño foi asasinada polas súas propias compañeiras unha alumna de terceiro fai máis de cincuenta anos. Aquel que entre naquel baño e quede a escuras, vai ter a mala sorte de atoparse con ela, e será o último que vexa. Cando penses que perdiches as túas cousas, tal vez non as perdiches, senón que chas roubo o terceiro misterio.

Non debes cruzar a mirada con este misterio, porque podería levarse a túa alma. Sen embargo, podes facer un intercambio para recuperar as túas cousas.

O carto misterio atópase na biblioteca do instituto. A unha hora concreta, ás catro da tarde en punto, unha vella porta que oculta unha pequena sa secreta ábrese na escuridade.

Alí atópanse libros de cor branca que teñen escrito o futuro da persoa que o lea e libros de cor vermella, das persoas que morreron alí. Ler estes libros teñen un prezo, a desesperación.

O último misterio, o quinto, é o máis misterioso de todos eles. Existe un relato, cuxo autor descoñécese, que conta todos os segredos dos anteriores catro misterios. Poucas veces este relato é atopado, pero, conta a lenda que calquera persoa que lea este relato terá unha morte súbita e será levado a un inferno por unha estraña criatura.

Este misterio é diferente dos demais, ten algo que o fai especial. Non morrerás ao terminalo, senón cando leas as seguintes palabras en latín nel, “*quid pro quo*”.

Por certo, o relato titúlase “Cinco misterios”, pero non creo que chegues a poder ler isto.

15.- Perdido

Hugo Oliveira

E alí estaba eu, varado no medio do inmenso océano.

Tratei por todos os métodos de atopar terra firme, un terreo sólido onde poder escapar deste inferno acuático. Pero pronto me decatei da crúa realidade.

A terra firme estaba baixo os meus pés.

16.- O principio do final

César Noya

Todo ía segundo o previsto, doce da mañá e xa listos para pasar na praia un dos mellores días da nosa vida. Só queriamos ir de acampada, pasar alí a primeira noite a carón uns dos outros, aínda que ningún nos esperabamos todo o que ocorrería...

Baixamos do coche, si se lle podía chamar así, o Seat Ibiza no que nos moviamos semellaba unha vella locomotora, pero non nos podiamos queixar, polo menos tiñamos algo. Fumos ata a area, inmortalizamos o momento e sen darnos conta, seis da tarde, comezamos a preparar todo. A felicidade florecía ilusionada sobre os nosos corpos, poñemos música e a bailar.

As horas pasaron e cae a noite pechada, cunha abraiante lúa chea que nos convida a darnos un baño, por certo algo curto. O ceo encapotouse de voluminosos nubarróns escuros, e ao lonxe raios, como se de fogos artificiais se tratase, todo iluminado. Asustados saen da auga, todos menos eu, e o único que lembro son luces, sereas, gritos... e un telexornal.

Erguinme da cama, meu pai díxome que mirase as noticias, que era importante: “Proclámase o estado de alarma”, escoito atento e asustado, que me perdera?

Pasaron os meses, máscaras, luvas, encerros na casa, mortes, non entendo! Insomnio, preocupación e máis mortes, sen poder despedir os nosos seres queridos. Necesito seguridade, pero é difícil, ninguén a ten. Medo, suores frías, pesadelos noite si e noite tamén, e aínda que as cousas estaban a mellorar seguía sen saber nada dos meus amigos, isto distanciáramos.

A miña familia, o meu fogar, a música, o que me quedaba para afrontar ese mínimo de luz ao final do túnel. Case coma un punto perdido no infinito. Espera, demasiado lonxe, a respiración acelérase, as bágoas comezan a esvarar polas meixelas, o corazón vaime saír do peito, vexo borroso, unha crise de ansiedade, nada me calma, non encontro sosego.

De repente esperto, e escoito gritando aos meus amigos. Abrazos, bicos e de súpeto comezo a separalos do meu carón: “Non me toques, non se pode, o virus!” Rin entre bágoas, tranquilízanme e dinme que todo foi un pesadelo.

Desconcertado miro o mundo pola fiestra da sexta planta, reparando no almanaque da dereita, que indicaba o 27 de decembro, catro meses despois da nosa expedición nocturna. Acendo o televisor e o último que escoito é unha noticia: “Inexplicabeis casos de pneumonía en Wuhan”.

Tiñamos demasiado do que falar como para perder o tempo coa TV.

Por fin todo acabara... Ou estaba a piques de comezar?

17.- Humildade

Javier Gómez Aranzazu

— E será que todas as persoas que chegan a suicidarse sen motivo é porque son humildes e queren deixarlle aos demais maior sitio no mundo?

— Que dis ho? Estás ben da cabeza?

— Tranquiiiiilo!, só era una reflexión.

— Estás bo ti si... Non! David non!- E a David deulle un infarto. Morreu

- En ton sarcástico e triste-

— E parece que aínda tomaches ben en serio a reflexión esa. A ver agora como o toma a túa familia.

18.- Mar profundo

Roque Doval

Abro os ollos, e o que vexo é azul enriba de min. O sol é tenue e disipado, o chan é suave e o tempo é moi lento.

Camiño cara a un bosque, un bosque formado por grandes matos de herba que se elevan sobre a miña cabeza. Mentres camiño vexo pasar as sombras dos paxaros, hai grandes bandadas e algúns outros solitarios.

Nas profundidades da fraga sentía ao meu redor como pequenas criaturas, seguramente algún tipo de bicho, corrían e cubríanse baixo a terra ao meu paso.

Xa no momento no que apartei o último mato de herba puiden ver algo aínda máis fermoso que nunca vira na miña vida.

Era un espectáculo de cores e vida estampado nun outeiro; ver iso encheume de tanta felicidade que abrín a boca cun gran sorriso nela, tralo que unhas burbullas me taparon a vista e pechando os ollos... deixei-me levar pola corrente.

19.- Berra

Irene Diz Agrelo

Miña nai sempre estaba berrando, desde que teño memoria.

Cando fala por teléfono con miña tía María faino coma se o seu móbil non tivese micrófono.

Amolábanme as súas conversas en exceso, por riba de todo cando intentaba estudar. Anque llo suplicase, non baixaba o volume.

Noutras ocasións, sucedía ao ver a súa serie favorita, ouveaba cara o televisor coma se as súas personaxes puidesen escoitala.

Un día, farto da súa *berreada* constante, implorille que calase, pois non era quen de concentrarme. A única resposta que recibín foron máis berros. Berros incoherentes, voces tan agudas que os meus tímpanos chirlaban do desagrado.

Tres días despois daquel episodio algo xirou os meus instintos... E algo, algo, foron esvaecendo os alaridos na casa.

Ata os veciños miraban a nosa vivenda con preocupación. Creo que debín soterrala a maior profundidade.

20.- Demo

Antía Maneiro

A noite que vos vou a contar hoxe repetiuse unha e outra vez na miña cabeza , tanto en soños coma na vida real. Sendo honesta, esquecinme do que é real e do que non o é .

Coma sempre saía do cemiterio , xa que o meu traballo é ir comprobar que permaneza baleiro dende as 12 da noite ás 7 da mañá . Aínda que non o pareza é un traballo bastante tranquilo , os mortos non dan moito a bara, son moi silenciosos .

Acostumada eu ao silencio, aquela noite algo rompeu con el e coa miña tranquilidade habitual .

Estaba eu seguindo o meu ritual acostumbrado, un par de voltas, e paro na tumba de Antonio Manuel Renda , un vello veciño ao que todas as nais do pobo ensinaron aos seus fillos a temer , e aínda hoxe non sabemos a razón pero ninguén tivo a coraxe de pasar cerca da súa sombra por anos . Segundo as lendas do pobo, sempre foi moi excéntrico.

A súa excentricidade rematou polo alto o día no que a súa morte saíu nas noticias: “ APARECE UN MORTO POR CAUSAS DESCOÑECIDAS AO CARÓN DO PUNTO LIMPIO DE OURENSE”.

Debaixo deste titular explicaba a prensa que cando se intentou avisar a algún familiar, non se encontrou a ninguén, practicamente era un home sen familia, só no mundo. Por esta razón, atraíame o seu misterio, aínda que investigar sobre un morto estremeciame un pouco.

Cando levantei a vista da súa tumba caeume una nota do ceo como enviada por Deus:

“o que se acerca ao demo, vivirá entre chamas”.

Notei unha man no lombo e estas son as últimas imaxes que gardo da claridade.

Non sei ben medir as horas pero estimo que levarei 4 días xa nesta habitación escura.

21.- Burato de verme

Lucía del Valle Vidal

O curso por fin rematara no instituto de Calgary, unha cidade da provincia de Alverca, en Canadá. Todos os estudantes de último curso estabamos moi emocionados porque xa sabiamos o que tocaba: a famosa e marabillosa viaxe de fin de curso a esquiar á serra das Montañas Rochosas, que se atopa aproximadamente 160 quilómetros ao este da cidade.

Bueno, vou presentarme. Chámome Sabina e son unha das pasaxeiras do tren escolar que nos levaría á serra a todos os meus compañeiros e mais a min para poder desconectar un anaco das follas e dos apuntamentos antes de ter que facer as probas de selectividade.

Digo “levaría” porque desgraciadamente o tren descarrilou onte ao atravesar un túnel nas montañas.

Practicamente a totalidade do tren son vítimas mortais. Apenas somos catro os que sobrevivimos. Eva, Noel e Sam están a vivir este pesadelo comigo. A Eva e mais a Noel non os coñezo moito xa que o meu instituto ten cinco clases distintas de cada curso. Pola contra Sam é un dos meus mellores amigos e axúdame moito telo ao meu lado.

Atopámonos nunha cabana na montaña que vimos onte pola noite mentres buscabamos axuda. Todos estamos ben e non temos máis que uns pequenos rabuños.

Estrañounos moito ver o tren tan feito anacos e ningunha sinal de vida do resto dos pasaxeiros. Pola contra os nosos aparatos electrónicos están feitos anacos e non temos con que pedir axuda. Polo menos nun golpe de sorte atopamos un posto de garda que onde tiñamos pensado alertar do ocorrido para que puidésemos volver á nosa casa de novo, pero non había ninguén.

Afortunadamente había un coche *todoterreo*, e grazas á habilidade de Noel para forzar ferrollos puidemos abrir o coche. Despois eu só tiven que facer uns pequenos apaños mecánicos para poder arrancalo sen a necesidade de ter as chaves. Non volo dixera pero son unha experta mecánica.

A continuación montamos no coche e ao ver unha cabana para montañeiros na neve non dubidamos en pasar a noite alí antes de continuar a viaxe de volta á casa, xa que nos atopabamos moi lonxe.

Xa pasamos a noite e dispoñémonos a comezar a viaxe de volta a Calgary. Estamos desexosos de chegar xa que non somos realmente conscientes da gravidade da situación e atopámonos anestesiados pola dor. Creo que tanto Eva coma Noel coma Sam senten tanto coma eu a necesidade de chegar ao seu fogar e abrazar a súa familia.

Xa estamos na cidade cando vemos un anuncio de loito na porta do instituto.

Todos nos sorprendemos xa que o accidente fora aínda onte e o tren nin sequera fora atopado aínda. Mais decidimos non darlle importancia e dirixímonos primeiro á casa de Samo que era a que se atopaba máis preto.

Todos estabamos moito máis tranquilos ao vernos xa de volta na nosa cidade xa que nunca a estrañáramos tanto cando, de súpeto, da porta da casa de Samo saía un adolescente cunha próteses na perna que me resultaba familiar... Era Samo!

Pero el estaba tamén no coche ao meu carón... que estaba a pasar na cidade?

22.- A mellor xogada

Xoán Patiño

O dianteiro achegase só á área, despois de recibir un pase preciso en profundidade.

Achégase ao porteiro con pasos firmes, que nunha saída desesperada tenta pechar o ángulo e poñer inqueda ao goleador do equipo contrario.

O dianteiro dubida entre disparar... Quizais mellor unha vaselina ou un tiro a escuadra ou driblar cara á dereita ou á esquerda. "Que teño que facer, meu deus?", parece preguntarse.

Nese momento, nervioso e case a piques de marcar o decisivo gol do último partido de liga no segundo minuto engadido. Cun tremor por todo o corpo...

Golpeou accidentalmente o cadrado en lugar do círculo e lanzou o balón fóra dos límites.

Soa o final do xogo.

— Débesme un cubata! -di o seu compañeiro de sofá.

23.- O abismo das almas

Marcos Iglesias Chaves

Alberte espertou de súpeto, coma botado fóra dun pesadelo. A atmosfera era escura e sentíase unha gran humidade no ambiente. Estaba nunha cavidade similar a unha cova, sentíase desubicado. O último que recordaba era caer do muro da casa dunha parella de ricos, tras roubarlles e matalo a el, que intentou pararlle os pes, de todas formas, pouco lle importou, xa estaba afeito á súa vida de ladrón.

Comezou a andar pola cova. A galería era profunda, pero as paredes estaban tan xuntas que parecía unha especie de corredor artificial. Pasou por debaixo dun arco de pedra, ata entrar nunha sala circular. De súpeto, acendéronse fogueiras en certos bordes da sala, outorgando iluminación. Alberte estaba contrariado, e púxose a dar voltas sobre si mesmo para analizar a sala.

— É a primeira vez que ves lume ou que? -dixo unha voz misteriosa tras del.

Sentado nunha butaca feita de pedra, descansaba un home tirando a fondón, que vestía un traxe de etiqueta impoluto; os botóns de nácar deste, parecían apunto de rebentar a causa do volume do portador.

Alberte estrañouse, dado que ao entrar non se decatara de que aquel home estivera alí.

— Quén es ti? -preguntou.

— Son o Rei das almas -respondeu- e son o encargado de informarche de que actualmente estás inconsciente. Quedaches así ao caer do muro, nin o teu corpo nin a túa mente responden, polo que só queda a túa alma para axudarche.

— Non pode ser, estou soñando a causa da borracheira ,seguro -díxose a sí mesmo Alberte, cun lixeiro ton de incredulidade e graza fusionadas.

— Máis quixeras -dixo o Rei- a túa vida corre perigo neste momento. Vas ter que superar a proba que agora vouche a poñer, ou nunca máis espertarás. Mandareiche a Cidade Abismo, o meu circo particular, e vas ter que loitar contra outros na mesma posición ca ti. Pra sobrevivir, deberás atopar e coller unha das esferas douradas que van aparecendo pola cidade, só así poderás atopar a salvación.

— Agarda, agarda, a qué te refires con cidade... -non lle dou tempo a acabar, unha luz branca cegouno, e, cando recuperou a visión, atopouse de fronte a unha urbe en ruínas.

O ceo era de cor vermella, polo menos as partes visibles, xa que estaba case todo cuberto de nubes de tormenta. O aire era quente, e era coma se estivese cheo de po; o chan estaba seco, e non se avistaban plantas ningunhas.

Alberte achegouse á cidade, e alí veu unha estampa de completo caos. Homes e mulleres pelexando entre si con pedras e rebos dos edificios caídos, pra asegurarse a obtención dun orbe; podíase ver a temor e a angustia nos seus ollos, pero el non entendía por que.

— Esos papáns o único que teñen que facer é esperar a que aparezan bolas para todos, mira que son imbéciles -pensou.

Ata que de súpeto, caeu un lóstrego no medio da rúa na que se estaba a librar a batalla campal. Todas as persoas que estaban pelexando quedaron fulminadas, e esvaecéronse coma montes de area. Naquel intre, comezou unha chuvia de lóstregos sen cuartel, que caían sobre as persoas que se atopaban vagando ao descuberto.

Subitamente, alguén tirou de Alberte e o puxo a cuberto dentro dun edificio, era un neno. Levouno a través de corredores e salas, ata un hemiciclo no que había un dos envexados orbes. A sala tiña o teito derrubado, polo que, ao estaren ao descuberto, volvían a estar de novo en perigo.

— Aos que pasan moito tempo aquí cáelles un lóstrego e morren, por iso eu escóndome nos edificios -aclara- veña, toquemos a bola esa e vaiámonos de aquí.

Comezaron a camiñar cara a esfera. Pero naquel intre, Alberte pensou que era moi probable que o Rei non aceptase a súa salvación se varias persoas tocaban o mesmo orbe, polo que empurrou ao rapaz contra o chan e comezou a correr.

Nese intre, comezou unha nova rafagada de lóstregos, coa mala fortuna, de que caeu un sobre o desgraciado rapaz, que estaba tendido no chan.

Alberte correu sen mirar atrás, ignorando todo o que caía e se desmoronaba ao seu redor, ata que tocou o orbe finalmente. Volveu a ser envolto por unha cegadora luz branca e desapareceu.

Cando abriu outra vez os ollos, atopouse no medio dun páramo cheo de siluetas humanas que vagaban sen rumbo, e que xa non parecían pensar por sí mesmas, a súa cara era un reflexo do sufrimento. Alberte estaba desorientado, ata que volveu a oír a voz do Rei.

— Vaia, vaia -aplaudía sonora e lentamente nunha butaca sobre un monte ás costas do aludido- ben xogado, acabaches cun pobre raparigo que che ofreceu a súa axuda, dende logo, unha das actuacións máis noxentas que vin nos últimos catro ou cinco milenios. De todas formas, nunca ías espertar... Estiveches morto dende o momento en que chegaches aquí. Todas as persoas que viches na cidade eran obras miñas, non eran reais, e todo isto era todo unha proba para ver se podías aspirar á salvación, en vez de quedar pra sempre aquí, pero xa vexo que non, agora, xa só che queda apodrecer lentamente.

E Alberte, condenado polas súas malas obras, quedou destinado a vagar por sempre no Abismo dos Lamentos, ou, como se chama coloquialmente, o Inferno.

24.- O xardín das bolboretas

Diana Santiago Vila

Dende pequena lembro o que a meus pais e a min nos encantaban as bolboretas. Sempre que víamos unha, pediámoslle un desexo.

Unha noite fría de inverno, coa lúa grande e redonda, sufrimos un accidente de camiño á casa. Meu pai rompera un brazo, miña nai unha perna e eu, milagrosamente, encontrábame perfecta. Ese mesmo ano mandouse construír unha granxa de bolboretas no xardín, e eu pasaba as horas e os días alí, rodeada de maxestuosas bolboretas que voaban fráxiles e delicadas ante a miña gran admiración.

Meus pais nunca se adentraran na granxa, quedaban fóra, mais eu teimaba en que entrasen para que así gozasen das bolboretas como o facía eu.

Pasaban os anos e ninguén miraba as bolboretas comigo; pero xa non importaba, pois eu mesma era unha bolboreta.

Esa noite de inverno morrera, transformándome nunha preciosa bolboreta, disposta a cumprir todos os desexos que meus pais me pediran... Todos, agás o máis grande deles: volverme ver.

25.- El

Pablo Camba

Levaba días sentindo que non estaba só naquela habitación.

Nesta mañá erguín da cama coas pernas tremendo. Escoitara unha louza da miña cociña caer ao chan.

Fun amodiño cara alí ata bater cos restos dun prato completamente esnaquizado... A luz parpadexaba cada vez que daba un paso.

Fun avanzando paseniño para recoller con coidado cada anaco... En canto toquei o primeiro cacho a luz cortouse, deixou de parpadexar.

Unha man negra tocou o meu ombreiro moi amodiño, coa outra agarroume o pescozo ben forte...

Non aguantaba máis... faltaba o aire, fallábame a respiración...

...Si! Era EL!!!

26.- *Posuída*

Andrea Patiño

Este monstro non era coma o dos debuxos, era máis ben negro, deforme e sen rostro; un monstro feo. Aterrador.

Aparecía todas as noites antes de ir durmir. Pasaba as noites en vela maxinando que algún día desaparecese, mais non o fixo, levaba meses alí. Meses nos que ela choraba sen consolo rogándolle que posuíse a outra persoa, que a deixase en paz dunha vez... mais non o fixo.

Por que eu?, preguntábase.

Por que teño que estar posuída por este maldito monstro que non me deixa vivir en paz?.

En realidade, o monstro que a posuía era o medo, medo de volver a vivir os terribles días que viviu aquela vez.

27.- A última malleira

Clara Ríos

A verdade é que xa non sei que pensar da miña vida, nin sequera sei quen son os meus pais.

Cando medrei un pouco, escoitei que falaban deles, parece ser que eran coñecidos, aínda que non sei como eran nin como me deixaron neste lugar.

Resulta que o lugar onde estou é onde nos traen por non ter pais nin unha familia que nos quere. Aínda que é un lugar un pouco sucio e que somos moitos, temos a sorte de que polo menos temos comida. Non é horrible, pero está fría e bastante dura.

O outro día, o meu amigo Charlie tivo moita sorte; veu unha muller que non tivera nenos e que buscaba un fillo. Púxose moi feliz. Eu aínda que sigo aquí, estou moi feliz por el, estou convencido de que será unha boa nai.

Levo moito sen escribir, e iso é porque fai unha semana veu unha parella, e leváronme a min. Nin vos imaxinades o contento que me puxen, non parei de saltar.

Levaba moito tempo sen ter unha persoa á que chamarlle “nai”.

Pasabámolo xenial, pero non sei por que, dende que chegou o meu irmán pequeno, deixaron de facerme caso, xa non saíamos de viaxe porque dicían que o meu irmán aínda era moi pequecho.

Tampouco tiñan tempo para min... A min, non me importaba, porque eu sabía que o urxente agora era o novo neno, e gustábame coidalo e facelo rir.

Pouco despois, saímos por fin de viaxe. Eu estaba emocionadísimo, botaba de menos aquilo. Aínda que non entendo como, esquecéronse de min. Estabamos xogando na area e cando me percatei, estaban saíndo no coche, fun tras eles gritando, pero non pareceron escoitar e desapareceron.

Despois de moito frío, pouca comida e bastantes golpes (hai xente que na rúa, dáme patadas, lánzame cousas...), cando pensei que non resistiría máis, vin a unha moza. Ao principio tiven moito medo de acercarme, por todo o que me pasara.

Tamén recordei todas as historias que contaban os meus compañeiros, naquel lugar que agora botaba tanto de menos. Aqueles pais e aquelas nais eran horribles, fixéranlles de todo.

Tamén recordei a última malleira que me dera un home cando pasou polo meu carón, aínda non podo andar ao xeito do golpe que me deu contra a parede.

Aínda así, confíei naquela muller, achegueime lentamente e a verdade é que é o mellor que puiden facer.

A moza lavoume, levoume ao médico e ensinoume todo o que non aprendera de pequeno.

Encántanos xogar, e sempre me leva a moitos lugares increíbles, é a mellor nai do mundo. Grazas a ela, descubrín que pese a todas as malas persoas que hai, aínda quedan persoas con bo corazón.

Por certo, non esquezas que pese a ser cans, tamén somos seres vivos e temos sentimentos, ademais de que non merecemos todos eses golpes e malos tratos, as cousas que facemos non son con malas intencións.

Nos só queremos un compañeiro de vida ao que amar e protexer.

28.- O que agocha o mar

Alae Moustaghfir Sabri

Nunha tarde soleada de verán, Raúl atopábase gozando das súas vacacións na praia coa súa familia, as primeiras que tiñan dende o misterioso incidente.

Despois de pasar un par de horas tomando o Sol, Raúl decidiu darse un baño. Ao chegar á auga, pecha os ollos e déixase levar polas ondas.

Ao abrilos, decátase do lonxe que se atopa da costa e sorpréndese arrodeado dunha inmensa néboa que apenas lle permite ver nada.

Asustado, trata de voltar coa súa familia o máis rápido posible.

De súpeto, Raúl para en seco sen poder crer o que ten ante si: o cadáver da súa irmá, desaparecida misteriosamente seis anos atrás dun barco alugado pola familia.

A súa irmá mírao directamente aos ollos mentres pronuncia o seu nome, e Raúl sente como pouco a pouco queda sen aire.

29.- A luz misteriosa

Alba Lorenzo

Era novembro, o primeiro día de caza, pero sobre todo a primeira vez para David, que acompañaba ao seu pai.

Transcurrida xa unha hora, David non fora quen de cazar un só coello. El ía firme e orgulloso co seu cadelo, agasallo do seu pai un ano despois de morrer o anterior, fiel compañeiro durante tanto tempo. A diferenza daquel, este era un cadelo de caza. David ansiaba semellarse ao seu pai e aos seus antepasados, todos eles excelentes cazadores. Levaba anos de observación, polo que xa coñecía numerosos trucos.

Decidiu tomar o seu camiño e ir el só para poñer en práctica o aprendido ao longo da súa vida como testemuña dos demais. E iso a pesar do esquecemento do móbil no coche e da sospeita de non coñecer o monte tanto como cría.

Un tempo despois, sorpréndeo unha néboa espesa que o desorienta. E así é: el só co seu cadelo perdidos nun bosque frondoso, perdidos e sen rumbo...

David cae nun foso das antigas minas do lugar, chocando a súa cabeza contra unha rocha.

Cando abre os ollos ve esa luz.. a luz misteriosa que ninguén quere chegar a ver... e menos aínda tan pronto.

30.- Recordos

Ararat Pazos

O ultimo que recordo é sufrimento.

Lembrei os choros de toda a vida, as caídas ao longo do percorrido, as insatisfaccións que tiven levado e algún que outro momento agradable. Moita suor e esforzo tiven que derramar.

Toda unha vida de rutina e obstáculos ao meu redor que tiven que superar.

Toda unha vida cunha sombra que me conducía e empuxaba a eses momentos. Era ela a causante daqueles recordos.

Despois diso, podo celebrar por fin que cheguei ao máis alto: que son campioa do mundo de atletismo.

31.- O poder de Own

Beatriz Fez. Montáns

O papiro de Own foi un dos manuscritos máis importantes e célebres de todo o Antigo Exipto. Descoñécese a súa orixe aínda que nalgunhas mitoloxías dise que foi entregado a Atenea por Hefesto como presente despois dunha loita de poder no Olimpo.

Pasado de xeración en xeración por todos os intelectuais da época dicíase que contiña un coñecemento eterno e que calquera ser que o tivese no seu poder sería capaz de lograr descifrar todos os segredos do universo. Anos de piraterías, asaltos e invasións provocaron que este tesouro de incalculable valor se perdese co paso do tempo, aínda que en moitos pobos antigos as míticas lendas afirman que este artefacto pasou de man en man por algúns dos nomes máis coñecidos da nosa historia, brindándolles un saber incomparable que lles permitiu chegar aos máximos recoñecementos.

As lendas din tamén que o saber escíbese só e que el mesmo é capaz de traducirse en todos as linguas do mundo transmitíndolle ao seu dono a capacidade sen igual dun políglotismo absoluto e total.

Durante moitos anos dende todas partes centos de flotas foron preparadas co propósito de atopar este manuscrito mais todos os esforzos foron en balde e sempre volvían ás súas terras de orixe coas mans baleiras e cada vez máis desexo de atopalo.

Só uns poucos fortuítos que xa contaban con algunhas habilidades sorprendentes con anterioridade puideron gozar da ledicia que é posuír todo este saber, mais tiñan que ter coidado de quen sabía do seu segredo posto que o papiro caracterizábase tamén polo río de sangue que levaba ao seu carón.

E todo este poder ía ser meu dunha vez por todas, levándoo á orixe de todo o conflito, pois de non ser pola desaparición del moitas batallas se terían librado e moito sangue se tería vertido.

— Chámome Sapienta, a gardiá dos reinos dos saberes e vosoutros tedes algo que me pertence.

E sen máis dubidar entrei no antro que os mortais chamaban museo para recuperar o meu tesouro e comezar así a miña vinganza.

Que comece unha nova era... A era da deusa Sapienta, a maior inimiga de Own.

32.- *A chamada*

Fco Javier Cardalda

— O dono de Coimba. Ese que é unha mestura perfecta entre palanquín e tirano, un tal David, ese que arruinou a vida de tantos fregueses ferventes agardando a poder escoitar sequera o asubío para acabar a quenda de dez horas imposto por ese insólito déspota. Coñécelo, non si, Fernández?

— Si. Foi veciño da miña *abueliña* que xa está no ceo ela. Mais ese... non tiña parentesco contigo? (ri despois de botar un trago á cervexa negra que tanto lle gustaba) É que lle fixeches unha descrición moi *empetroucada*.

— Non. O parente é o meu medio irmán Pepe; a min crioume con el pero ódioo con toda a miña alma, se non fose porque vai alá... (pecha a man con forza e ponse inquedo). Sabes o que lle fixo á miña nai?

— Non, sei que David foi moi bo coa muller, sei que lle gustaba abusar dos traballadores pero polo que teño entendido na casa era bo... ou non? (Xira un pouco a cabeza en sinal de intriga e dúbida)

— Non sei con cal delas dirás, porque muller tiña pero queridas... (encolleuse como sentindo vergoña do seu padrasto). Ademais, á miña nai pegáballe e berráballe coma a un can.

— Non me digas! Eu quedo parvo! (sóalle o teléfono). Espera que me chaman.

(Despois de acabar a chamada colga e pon unha cara de resentimento e pena).

— Que che pasou? *Abanca* outra vez?

— Acórdaste de que Josefa, a miña nai, tiña cancro de estómago? Pois acaba de falecer no hospital de Santiago. Teño que marchar! Outro día falamos (trémelle a voz pero consegue reter as bágoas e saír cara o coche).

33.- O Lume do Amor

David Ferreira

Monforte de Lemos, verán do 1975. Luís, tamén coñecido coma *Chiriqueiro*, alcume que herdou da familia, e mais eu viñamos de regreso dunha volta polo monte cando xa estaba anoitecendo.

Percorrendo o sendeiro que une o centro da vila e o cume do monte Xesteiro quedamos perplexos vendo por primeira vez un obxecto con forma de paxaro e emitindo un son parecido ao do motor dun vehículo.

Co transcorrer dos anos soubemos que era un hidroavión. As súas cores rechamantes abraiáronnos e tamén o seu tamaño. Ao parecer estaban ardendo uns montes na serra do Courel, a uns cinco quilómetros da nosa aldea.

Á mañá seguinte espertamos co medo no corpo.

O lume avanzaba cara á vila e desconfiábase que alcanzase o noso fogar en poucas horas. Luís e mais eu unímonos ao resto de veciños que corrían para frear o seu devastador avance, acompañados dos mociños da vila e dos rapaces e rapazas veraneantes.

Armados todos con pas, fouces, angazos e caldeiros cheos e recheos de auga, logamos minguar en certa medida as labaradas.

E esa mañá cambioume a vida: coñecín a miña futura muller, unha rapaza que viña á casa dos seus avós dende a capital, Ourense.

Si, hoxe, oito anos despois, encóntrome no Pazo do Cisne a piques de casar con Almudena Piñeiro, aquela veraneante a quen os dous lumes me uniron para sempre.

34.- O pexego podre

Mario Rodríguez

Un día destes recibín a chamada dun curmán moi achegado para encargarme a merca dun bo lote de pexegos e experimentar cunha larpeirada.

Entón, decateime de que ese día era festivo por motivo das pascuas e que os supermercados da vila habían de estar, certamente, pechados.

Ao final quedei co meu curmán e o seu can na rúa Eustaquio I de Vivaldía e decidimos ir ao mercado de Sanxenxo.

Despois de resolver o encargo de alguén que me pediu unhas herbas para facer unha macela e resolver así o seu problema estomacal/dixestivo, continuamos o noso camiño ata o mercado onde comezaron os nosos problemas.

Nada máis bater co ansiado posto de froitas onde atopar unha boa cantidade de pexegos, chantouse ante nós unha bandoleira esixindo os nosos cartos e todo o que tiveramos de valor.

Claro é que non queríamos sufrir ningún dano pero tampouco perder os nosos cartos e quedar sen pexegos.

Neste intre, e con sorpresa, vemos como o can, Leo, se abalanza sobre a bandoleira mordéndoa sen miramentos na cara polos seus malos actos. Ante este contratempo, a bandoleira foxe espantada e dorida. Mais non rematara a historia... E iso comprobamos ao avistar ao lonxe os rateiros da banda da ladroa. Estes comezaron a esnaquizalo todo na nosa busca.

Por fortuna para nós, chega a garda *mercadeira* e unímonos a ela para combater a estes desvergonzados. Foi unha longa batalla, pero vitoriosa.

Un dos rateiros ameazounos con que isto non quedaría así pero a intervención firme do meu curmán axiña o fixo recuar. A ladroa rematou por asumir o seu erro, pediu perdón polos seus malos actos e prometeu que a partires de agora pasaría a estudar e a traballar para abandonar o seu pasado. Os rateiros tamén se desculparon e puxéronse mans á obra para reparar os danos causados no mercado.

Recuperada a orde e mercada a froita...Sorpreesa!!!: Ambiente festeiro no mercado repleto de persoas disfrazadas de pexego... e, ao fronte, Mariano Rajoy a falar e fotografarse con todo o mundo para invitalos a ver un partido de fútbol en Corrubedo, a final da Copa Berberecho.

35.- Unha vida de pesadelo

Martina Kilmurray Ucar

Katia espertou bruscamente . Unha suor fría invadiu a súa fronte, ao igual que o resto do seu corpo. Despegou as sabas da súa pel e incorporouse con motivo de beber un grolo de auga fresca. A noite tinguía de azul mariño tenue cada recuncho da casa e a lúa creaba a posibilidade de que esta puidese ver aínda a escuras, sen necesidade de acender luz ningunha.

Non fixera moito que se vira obrigada a cambiar de piso, de cidade, de país, e tamén de identidade. Resultáballe difícil aceptarse de novo a si mesma, pero era o prezo que tiña que pagar polo seu traballo.

Marcus xa lle avisara antes: “Se entras, despois non hai saída”, pero ela, xove, aventureira e temeraria fixo caso omiso ás súas palabras.

Os pesadelos eran cada vez máis frecuentes polas noites, trataban sempre do mesmo e Katia comezaba a esgotarse .

A moza deixou correr o líquido incoloro que saía da billa e encheu o vaso de vidro, para logo saborear a auga fresca que tanto ansiaba.

Quedou observando a lúa pola gran vidreira que ofrecía o salón-comedor durante varios minutos, que para ela resultaron interminabeis e profundos, mais que para calquera poderían ser menos de cinco.

Os edificios da cidade comezaban a iluminarse, quizais non era antes das cinco da madrugada, coma ela pensaba . A estas horas, a xente comezaría a traballar nos Estados Unidos, país ao que sempre lle terá certo cariño, xa que alí durante un tempo fora feliz: era ela mesma e tamén se aceptaba a si mesma.

Mais agora, a situación cambiara. Era unha das persoas máis buscadas pola CIA, e a súa vida convertérase nun continuo trafego. Cometera varias infraccións que poderían cualificarse coma graves, ilegais e moralmente incorrectas. Sen lugar a dúbidas, Katia non era a mesma persoa que antes. Calquera que a coñecese xuraría no seu nome, non obstante agora ten axentes buscándoa cun único obxectivo: acabar coa súa vida.

Unha bágoa tímida asómase ata a súa meixela, e Katia límpaa ao instante. A moza achégase de novo ata a cociña e abre o caixón do mobiliario para sacar unha caixa de cigarros. Co chisqueiro na man, consegue que a chama estea o suficientemente preto para que o pito comece a arder. Dálle unha calada e decide esquecer por un momento o desastrosa que é a súa vida neste momento. Ela sabe perfectamente que debe aceptar como é o seu “eu” de agora, e apartar e deixar de refuxiarse no seu pasado, pero tamén sabe que é a única solución ante unha vida de pesadelo .

36.- Onde está? Que pasou?

Carlos Rodríguez Pérez

Á esquerda estaba o encerado e á dereita el, co sorriso máis fermoso que na miña vida vin. Achegouse a min e sen dicir máis nada espetoume un bico nos beizos. Dende logo que era unha imaxe atractiva, alí, a soas, estabamos os dous sen que ninguén nos fose molestar.

Unha mágoa que o espertador sexa tan cortante. Unha noite de emocións intensas, din que os sonhos non se lembran ben ó espertar mais eu teño ben marcada esa aventura nocturna.

Comezou coma se da vida real se tratase: un bo almorzo, unha ducha de auga máis fría que morna e para a clase. Polo camiño piquei a roda dianteira da bicicleta.

— Ben feito ho, indo por riba das silvas has de facer ricos ós vendedores de parches, díxome Soobin.

Non sei que ten que dicir el, venme un coche a setenta de fronte e terei que apartar, non é culpa miña. De todos xeitos, penso que por mal non mo dixo. Nunca foi bo de levar pero mal rapaz tampouco era.

Axudoume a levar a bicicleta de volta para a casa e ofreceuse a acercarme ó instituto na súa Harley.

Medo me daba que algo me puidese pasar, sacara o carné había dous meses e non o vía eu moi experimentado ó volante. O malo é que tampouco podía ir andando e chegar tarde, tiña exame a primeira hora.

O caso é que entramos no garaxe da súa casa para coller a moto e xa me veu un arrepío todo polas costas. Soobin tiña can, e non un calquera. Esa besta brava botóuseme enriba tan pronto como me viu, Soobin colleuna polo collar e puiden saír correndo ata o portal. Vireime para ver como no canto dun can o que había eran tres, tres... cabezas? Xa non había ninguén máis, estabamos a soas eu mailo demo. Dun chimpo baixei o portal que ficaba enriba da miña cabeza e botei a correr.

Nun escape xa estaba eu no instituto pero non había ninguén. Aínda así eu corría. Corría como unha condenada tola, non podía parar. As miñas pernas non respondían, todo o meu corpo levaba horas baixo o descontrol do pánico mais era agora cando me decataba.

Non podía parar de entrar e saír de aulas coma se fuxise, ou coma se buscase. Era unha mestura de sensacións que non podía entender.

Farta estaba desa tolemia. Batía coas portas e as paredes coma unha galiña sen cabeza.

Chegadas as doce do mediodía parei, de súpeto estaba na sala onde debía haber un garda de seguridade tamén desaparecido.

Achábame sentada mirando a pantalla do seu ordenador con toda a calma do mundo.

Vin que unha das cámaras de seguridade amosaba como aquel díaño que case me mata estaba no edificio, concretamente no despacho do director.

Alá fun eu, en contra da miña vontade. Xa non era o pánico o que me movía, porén tampouco era dona dos meus actos. Seguía sen ter control sobre min e así foi que ós dous minutos ficaba diante do despacho.

Entrei. Á esquerda estaba o encerado e á dereita el, Soobin, co sorriso máis fermoso que na miña vida vin.

37.- Xuntos

Rocío Fez. Vila

Medramos xuntos, aprendemos a camiñar e a falar, a xogar e a tirar con todo o que tiñamos diante. Xuntos.

Empezaches a practicar judo cando aínda eramos moi novos, pero deixáchelo porque non era o teu. Alí coñecemos a Miguel e a súa irmá Ema, xa non volvemos a xogar sós.

Máis tarde chegaron ás nosas vidas Ken e os demais; ese mesmo ano empezamos a ir á escola.

A pesar de estar en diferentes clases sempre esperabamos un polo outro para volver xuntos á casa. Parabamos en cada recuncho para darlle de comer a cada gatiño que atopabamos pola rúa. Encántanche os gatos. Neses días espertou a túa paixón, xa tiñas un soño: abrir unha tenda de animais, xuntos.

Xa tiñamos 13 anos, ti debías repetir na escola e rexeitabas todo tipo de axuda que eu che ofrecía. Un día, cando regresaches á casa, trouxeches a un amigo novo: pasamos a ser os tres inseparables.

Tan só un ano despois uninme por fin á vosa banda; non me gustaban as pelexas pero semellaba divertido e estaba con todos vós.

Estouche a dicir todo isto de maneira moi repentina, seino, síntoo, pero quero que o saibas. Eu aínda non o entendo, podes explicarmo?

Explicamo, por que o fixeches?

Por que son a única que fala?

Aínda doe. Ese día sacrificácheste por min, por nós, ao igual que eu o faría.

Mais dende que non estás, sinto como a metade de min se foi contigo.

38.- *Mnemosine*

María De Miguel

Mnemosine era unha nena de 7 anos que vivía nun orfanato. Era unha nena moi lista e mais tamén moi *atolondrada*.

Todo comezou un día frío de inverno, ao ver una sombra estraña no corredor. Asustouse cando a viu por primeira vez, pero observou que levaba unha rosa e un candil -a Mnemosine encantábanlle as rosas, podería dicirse que era a súa flor preferida- e seguiuna ata o espello onde a sombra se detivo.

— Porlastratus -dixo a sombra diante daquel espello.

De súpeto, o espello abriuse pola metade e a sombra desapareceu, pasara cara o outro lado.

Mnemosine quedou abraiada, por suposto, nunca vira un espello abrirse só pola metade, e pensou en entrar ela mesma para descubrir que quería dela esa sombra que a atormentaba a diario.

Púxose diante e repetiu as palabras que dixerá a sombra.

— Porlastratus -susurrou-, e o espello abriuse como se abrira o día anterior.

A paisaxe era estraña, Mnemosine non vía nada, estaba moi escuro pero notaba o seu corpo dunha maneira distinta, non se sentía ela mesma coma antes de entrar alí.

Despois de andar e andar, viu unha luz cun espello de corpo enteiro ao seu carón.

Achegouse ás présas pois xa empezaba a ter medo, mirou ao espello e, agora, ela era a sombra.

Só podería salvarse levando a outro neno ao interior dese espello, ao propio inferno.

39.- Monstros na escuridade

Alba Besada

A muller, duns trinta anos de idade, entrou na habitación da súa filla, asegurándose de que estivese xa durmida. A pequena non estaba metida na cama, senón no chan, na outra esquina do cuarto, xogando coa súa boneca nova.

A nai achegouse a ela, colleuna no colo e meteuna na cama, arroupándoa ata a gorxa coa colcha de liño rosa, decorada con bolboretas de cores. A nena queixouse, non quería ir durmir, pensaba que o monstro da película que vira aquela tarde ía comela mentres durmía.

Pediulle á súa nai que mirase debaixo da cama, completamente segura de que o monstro estaba alí, preparado para cravarlle os dentes no pescozo en canto a nai saíse da habitación. A muller, disposta a compracer á pequena de tres anos, agachouse e botou unha ollada por debaixo da cama. Nada. Díxolle á súa filla que alí non había monstro ningún, e, seguidamente, bicoulle a fronte e apagou a lámpada que se atopaba na mesiña de noite, desexándolle boas noites.

O que non sabían é que eu estaba agochado no armario, co coitelo preparado na man e esperando a que a miña muller marchase pola porta.

40.- Encontro inesperado

Aldara Gil

Unha mañá fría e chuviosa ollaba desde a miña fiestra a rúa. Estaba deserta, non había nin unha alma.

Fixei a atención nun can. Estaba acurrucado debaixo dunha árbore, tan delgado que se lle notaban os ósos, viase que levaba tempo de máis famento e desnutrido. Acerqueime e non se asustou. Conmoveume a súa mirada triste.

Leveino para a casa, púxeno á calor e deille de comer; estaba famélico.

Ao escampar, enchín a rúa de carteis. Mais pasaron as semanas e ninguén preguntou por Thor, que así foi como o bauticei.

Pasaron os meses e o seu dono seguía sen aparecer. Thor e eu fixerámonos inseparables, sempre xuntos.

Xa hai un ano que Thor chegou á miña vida, e nada que ver con aquel can famélico de mirada triste.

O seu dono segue sen aparecer e non quero que o faga, pois non soportaría separarme del. Un membro máis na nosa familia.

41.- Árbore de mango

Camila Gez. Mendoza

O tempo evolucionará a peor ao longo do día. Espéranse fortes borrascas polo que se recomenda refuxiarse na casa.

Seguindo as recomendacións do meteorólogo, quedo na casa esa tarde. Tiñan razón, o día foi horrible e o forte vento provocou a caída dun poste eléctrico. Marchou a luz. Non foi o único que caeu esa tarde.

Recibo a chamada da miña muller pedíndome que saíse; logo escoito un ruído atronador.

Espantado dou a volta e vexo unha gran árbore de mango, de tronco gros, fermosas follas verdes e froitos amarelo-laranxa que indican un estado perfecto para ser saboreados... se non fose porque caera sobre a miña casa causando terribles danos.

Aínda desconcertado polo ocorrido, decátome de que a miña muller non se atopaba por ningures.

Unha bágoa corre pola miña meixela.

A miña muller levaba dous anos morta.

42.- Torpe espertar

Carmen Martínez Rey

Sete da mañá, verán; as clases remataran, pero o meu corpo seguía tendo o mesmo horario ca sempre .

Eu daba voltas na cama intentando coller unha boa posición e seguir durmindo un anaco máis. Escoitei como da cociña chegaba o ruído de algo de vidro contra o chan. Sorprendida fun cara alí. O mesmo panorama de sempre, os gatos a pedir comida e montando festa .

Coa miña torpeza e os meus pés descalzos, o resultado era previsible: un cristal cravado no pé dereito. Pego un chimpo e solto un berro de dor. Sento na cadeira próxima e intento sacalo...

E entón véxoo: unha pedra preciosa que nunca antes se vira!! Saqueina dun tirón e permanecín tola mirando para ela.

Mentres tanto o sangue non paraba... Volvo á realidade e cando quero dar un primeiro paso... caio ao chan... e déixome envolver por unha negra sombra que aínda agora cobre os meus ollos...

43.- Hipnocina

Diego Dieste

Soñaba que todo cambiaba, que chegaba unha tregua, e que a xente superaba a inercia inmadura.

Agora non sei contra quen vou, aínda así, penso xogar en sentido contrario a esta sensación subxectiva con definición complexa.

Obrigareime a crer nas pantasma para buscar atención, para liberarme do exulansis, e para demostrar que non me gusta ser un insatisfeito,

Necesito o veneno de Medusa xa que en verdade seguirá pasando o tempo... xa van 22 segundos dende que soñaba que todo cambiaba.

44.- Flores por canóns

María Alexandra Acuña Rey

Era unha marabillosa tarde de primavera, os raios do sol daban de cheo na faciana de Irina, unha rapaza de dezasete anos que vivía na cidade de Mariúpol en Ucraína. Viña do instituto coas súas amigas e de súpeto, un ruído enxordecedor apagou as súas risas e conversas.

No medio da praza, un carro de combate ruso acababa de disparar contra un edificio, que nun intre quedou reducido a un montón de escombros.

A xente corría pola rúa asustada, as súas amigas tamén fuxiron, ela tiña a roupa manchada e sangraba porque fora alcanzada pola metralla, non fuxiu, foise directa hacia o carro de combate e púxose diante, berrando como unha tola ¡Parade! ¡Parade!

Do carro de combate saíu un soldado, era un rapaz coma ela, tan asustado coma ela, cos ollos cheos de bágoas coma ela, unha persoa que non entendía nada coma ela ...

Chamábase Igor, estaba facendo o Servizo Militar e fora recrutado para participar nunha guerra coa que non estaba de acordo. Eran ordes superiores, de políticos que nos seus despachos planeaban como destruír, como matar, nunca como negociar ou arranxar os conflitos.

Irina colleu unha margarida no parque e deulla a Igor e díxolle: ¡ Cambiemos os canóns e as armas por flores, por flores de todas as cores, cambiemos os corvos negros da morte por pombas brancas que voen libres sobre un ceo sen avións que bombardean e cambiemos ese Z do teu carro de combate por un P de paz.

Aquela tarde, os dous marcharon collidos da man hacia o campo, alí correron, saltaron, riron e déronse un bico como dous mozos namorados que querían vivir nun mundo mellor. Pero unha bomba acabou coas súas vidas.

Ao día seguinte, esa estúpida guerra rematou e co paso do tempo no lugar onde morreran os dous, naceron moitas margaridas brancas.

45.- Como un tsunami

María Piñeiro Ruibal

Espertei co son das noticias que papá estaba a ver no televisor. Mirei a hora e xa se me facía tarde para chegar á clase das 9:30, tiña media hora para prepararme e chegar. Fun directa á cociña para tomar o almorzo e case tropezo co can que estaba a durmir no chan. Quedaban 20 minutos. Vestínme e peiteei o cabelo nunha coleta rápida para estar decente e non parecer unha pantasma que se acababa de erguer da cama. Mirei o reloxo, 10 minutos. Xa era case de día, e todos, menos papá, estaban durmindo. Collín o material da escola e achegueime á fiestra do salón. Dende o cristal húmido víase a rúa baleira, de vez en cando pasaba a ambulancia e xente apurada coas bolsas da compra. Nos parques xa non se vían os sorrisos dos nenos baixando polo tobogán, agora eran mozos paseando aos seus cans. Os afortunados que tiñan balcón saían a tomar o sol, outros, encerrados entre catro paredes. Merda, quedan menos de 5 minutos para a clase. Vou cara a mesa, acendo o ordenador e vexo aos meus compañeiros a través das súas cámaras e todos con cara de durmidos. Comezaba un novo día, un día de pandemia como outro calquera no que non podía facer máis que `Quedar na casa`.

46.- Rutina

Pablo Lorenzo

Un día normal dentro da miña rutina, no instituto, coma sempre. Todo transcorría con normalidade: primeiras clases, primeiro recreo, primeiras conversas de catro amigos fóra do recinto cismando sobre a nota de Historia... Todo rutina. Ata que a normalidade se rompe con actitudes peculiares dunha moza... Pero tampouco tanto como para sospeitarmos o seu alcance... e abandonar a nosa rutina.

Xa na clase, empeza a convulsionar e esvaece no chan.

Balbordo darredor, aviso á ambulancia, chegada dos sanitarios... A rapaza vai recuperando a consciencia e morde no pescozo a un enfermeiro. No medio do desconcerto vemos como a pel da vítima vai tornando amarela... E alí empezou todo: a invasión zombie.

47.- Pedras, rochas, e outras cousas...

Victoria Iglesias

Nunca falara con ela pero sempre que tiña a oportunidade lograba vela. Era a muller máis fermosa que existía. Gustábanlle as festas, as esculturas, os cadros... era unha femia particular e intelixente malia que eu non tiven a oportunidade de tratala naqueles tempos. Daquela tiña un compromiso con outro home. A súa vida estaba feita para os ricos e non para min.

Cando souben da ruptura fun o home máis ledo do planeta, xa todo na súa vida cambiara. As irmás do ex marido puxéranlle unha denuncia e practicamente fora desterrada daquel lugar, da súa propia casa. Viuse completamente desamparada polo que tivo que cambiar a súa imaxe, os seus gustos e mudarse a un sitio un pouco máis lúgubre. Ninguén da alta esfera pola que o seu ex se movía tiña ganas de vela.

Como dixen, os seus gustos transmutaron e comezou a decoralo todo na casa con cores verdes, inclusive comprara un terrario para os bichos eses que tanto lle gustaban.

A única pegada que quedaba da muller da que me namorei eran as esculturas, todas coidadosamente acomodadas.

O día que me atrevín a falarlle miroume cos ollos verdes máis fríos que na miña vida vira e quedei de pedra, sen palabras. Soportei anos de indiferenza, non me dirixía a palabra e o siseo dos bichos era repugnante.

Un día o siseo cesou e con el a miña amada. Perseo era o que portaba a súa cabeza nas mans.

Ela era Medusa.

48.- O lugar elixido

Adam Mariño

Naquela tarde de xaneiro, chovía a cántaros. Xosé estaba lavando a louza despois dunha saborosa e quente comida. Ao rematar, fixouse na antiga vaixela de porcelana e ouro que estaba na vitrina do seu salón. Sacouna para lavala xa que tiña po e sucidade. Entón, observou un símbolo semellante a unha runa viquinga na parte lateral da teteira. E, ao revisar os pratos, apareceu outra na parte de abaixo dun deles.

Rapidamente, subiu ao seu cuarto para procurar información na rede. Descifrou que a runa da teteira significaba “Lugar elixido” e a do prato “Día chuvioso”. Tamén buscou máis datos sobre a súa casa. Descubriu que se construíra no ano 1876, e que os seus primeiros donos desapareceran nesa vivenda en 1903, nun día chuvioso de inverno.

Despois dunha semana movendo todos os mobles da casa, detrás dun roupeiro encontrou un burato grande na parede tapado cunha tea. Logo de apartar aquel vello tecido, apareceron pintadas as dúas runas entre os cascallos.

Decidiu entrar para indagar máis sobre aquel achado, e alí atopou un enorme e escuro labirinto.

Adentrouse ata chegar a unha sala con grandes columnas e moita luz. No seu interior viu a varias persoas cubertas completamente cun manto negro, facéndoas irrecoñecibles.

Poucos días despois, a policía entrou na casa na busca de Xosé.

Non atoparon ningún rastro e todos os mobles e a vaixela estaban no seu sitio, como se nada pasase. Ninguén volveu a velo a partir daquel día.

49.- Separados?

Cayetana Patiño

Espertei nunha fría sala de hospital e coa miña pobre nai chorando ao meu carón. Eu non entendía nada porque non lembraba nada.

— Boas tardes, señora Lucía -recoñecín ao instante a voz firme e tenra á vez do doutor Gómez De Liaño.

— Sufriu vostede un aparatoso accidente que nos obrigou a provocar con anticipación o parto. Lamentablemente, un dos fillos que esperaba non puido sobrevivir ao forte impacto.

Cando o meu fillo Camilo comezou a falar, a súa primeira palabra non foi “papá” nin “mamá” como adoita suceder nestes casos. A súa primeira palabra foi “Xabier”.

Xabier: o nome do fillo ao que non puiden nunca ver nin acariñar.

50.- As bonecas sempre dan medo

Jorge Maceira

Xoán fora un neno que vivira nun pobo remoto de Galicia. De pequeno non tiña moitos amigos e tampouco lle importaba moito, xa que sempre xogaba coas súas bonecas, que ao parecer da súa nai eran terroríficas.

Xoán foi medrando, pero non adoitaba convidar as súas mozas á casa pola cantidade de bonecas que tiña, de feito todas as mulleres que ían alí nunca regresaban.

Xoán levaba saíndo con Valeria 3 anos, e ela vía con estrañeza que nunca fora convidada, cousa que lle apetecía moito. Xoán intentaba evitalo de todas as formas, ata que un día sucedeu. A Valeria estrañoulle moito o ambiente... unha casa situada nun bosque tenebroso e con ouveos de lobo soando de fondo. Cando chegaron, o rostro de Valeria cambiou radicalmente, púxose moi nerviosa ante todas aquelas bonecas con caras tan reais... a humedade nas paredes, o deterioro dos mobles, ... E Valeria tentou escapar.

Desde aquela Xoán non tivo máis mozas, pero ao menos tiña outra boneca máis na súa colección.

51.- Efecto bolboreta

Sara Paz Recouso

O efecto bolboreta é un feito moi simple e moi complexo á vez; trátase dun pequeno xesto case insignificante na vida, coma por exemplo mirarse ao espello e, coma no caso de Xiana, iso desencadear unha caótica revolta, como deixar de comer.

"Non todas as cousas cando se rompen fan ruído. Hai algunhas que se derruban por completo no máis absoluto dos silencios"

Mario Benedetti

Esta rapaza é un moi claro exemplo para explicar este pequeno texto. Ela estaba rota, rota por completo, pero ninguén o sabía e de feito os comentarios que recibía non axudaban en nada, empeorábano todo aínda máis.

"Que delgada estás"

"Come máis"

"Estas nos ósos, que noxo"

Ela non era capaz de facer nada para que calaran e menos para non estar así, ao fin e ao cabo era o seu corpo e ela decidía como estar, mais a relación que ela tiña con este non era moi sa.

"Oxalá tivese o teu corpo"

Estes eran algúns dos comentarios que ela recibía día tras día ao longo da súa vida. Este último era o que máis lle chamaba a atención e o que menos sentido lle tiña: como era posible que alguén pensase iso? Para ela era unha tortura telo.

Incomodábao moito este tipo de xente por como falaban sen pensar:

"Non tes dereito a queixarte, ti estas delgada"

Esa frase nunca a comprendeu, como alguén podía chegar a pensar que por ser delgada non tiña dereito a queixarse? Acaso vivía o resto do mundo no seu corpo para opinar sobre el e para opinar como debería sentirse ela?

52.- A besta encapuchada

Álvaro Abalo

Un día de verán coma outro calquera, as árbores movían as follas coa brisa, os animais brincaban de felicidade, os lagartos saían das covas para tomar o sol. E eu na miña cova co resto da miña familia... De súpeto, apareceu da nada un ser cuberto cunha gran chambrá que lle chegaba aos xeonllos e unha gorra que lle ocultaba o rostro...Dirixíase ao centro do bosque dunha maneira sospeitosa.

Bastou un intre para que o resto de animais corresen espantados, un intre foi abondo para descubriremos que estaba pasando... O aire era irrespirable, os ollos volvíanse chorosos, non se vía máis aló dunha cuarta, todos corriamos sen saber ben a onde, sen esperanza de sobrevivir a aquilo. De milagre conseguimos chegar a un claro. Vimos os montes arder, perder o lugar onde tiñamos os nosos fogares, esvaecerse o refuxio onde botamos raíces...

E alí quedamos todos coa mirada perdida... agardando a que pasase algo que o solucionase todo...

53.- Nada que perder

Aroa Bispo

Como cada mañá, Carne ergueuse, duchouse, e decatouse de que non lle quedaba xel.

Na cociña esperábaa o almorzo, frío coma sempre. Cando rematou, reparou en que esa non era a súa casa, pero Carne non parecía moi preocupada.

Pouco lle importaba todo o que a advertiran sobre temas de raptos e nada a inquietaba o feito de estar secuestrada nunha casa illada pola maleza do monte.

Nese momento pensou:

“a miña vida xa pouco podía empeorar”.

54.- Cousas da vida

Brais García Bello

Era unha cea informal, no bar onde moitas veces ceamos ou mesmo onde pedimos unhas hamburguesas para levar, os meus pais ,os meus irmáns e máis eu, todos ao redor da mesa. Mamá e papá estaban falando de que tiñan que erguerse cedo o día seguinte para acompañar a nosa curmá á catequese e, sendo domingo de pascua, pois darlle o ovo. Meu irmán e mais eu estabamos a falar sobre o último pase de batalla de fortnite, e o meu pai comía, sen máis.

De repente escoitei que miña nai enmudecía, levantei a vista e vin que dos seus ollos esvaraba unha bágoa... pregunteille que lle pasaba e ela sen máis e nun ton moi suave dixo: “Nada”...

Meu pai mirouna... “pásache algo?”

Ela continuou comendo e ante a nosa insistencia mirou a meu pai e díxolle: “na casa cóntocho”. Ela xa só seguiu comendo, coa mirada perdida.

Rematamos, pagamos e fomos para a casa.

Mentres subiamos polas escaleiras meu pai volveu insistir en se algo lle pasaba. Ela mirou a meu pai e díxolle: “fixácheste na mesa do lado quen estaba?”

Meu pai respondeu: “si, os que lles morreu o fillo de accidente”.

Ela sentou na cama e continuou: “Que difícil seguir e ter que rirte das cousas que che contan outros fillos, facelos sentir ben... cando ti tes que estar morrendo por dentro pola perda. Como lle pides perdón a ese fillo que xa non está por ter que seguir adiante, por ter que pensar que da túa boca sairá un sorriso na súa ausencia... A isto chámolle eu morrer pouco a pouco”.

Eu entrei na habitación, abraceina e díxenlle: “eu perdóote... se morro eu... fai felices a meus irmáns...”.

Ela abrazoume e chorou... e así acabamos o día.

Aínda non sabía que escribir no meu relato, pero xa o tiveron claro: os fillos temos o deber de facer felices os noso pais pero tamén somos os responsables moitas veces das súas bágoas, das súas penas, por iso esmerarse en darlle un sin fin de abrazos e alegrías debería ser o noso cometido, porque o que non poderemos evitarlle son os sufrimentos que lle imos dar ao longo da vida.

** Adicado a todos eses fillos e irmáns que se foron antes de tempo, diante dos seus pais.*

55.- Futuro inevitable

Cibrán Rodríguez Rubianes

Luís Pierre é un investigador e científico célebre de Mozambique, a primeira potencia mundial no ano 2470 debido aos seus altos recursos de litio e uranio.

Nestes tempos só é posible vivir en condicións saudables en África e en determinados países de Sudamérica, debido a que no resto do mundo o aire está contaminado de máis. Pero Luís P. ideou un plan para purificar o aire con enormes máquinas *filtradoras*. Para iso, era necesario visitar Europa e determinar os niveis de contaminación alí presentes. Así que, co apoio do goberno de Mozambique, deseñou uns traxes para esta misión que se desenvolvería en París.

Tras varios meses de adestramento conseguiu chegar ao destino. Logo de unha semana de expedición descubriu a antigos cargos do goberno de Francia vivindo nas catacumbas da capital. Levaban 5 anos sobrevivindo en condicións infrahumanas.

E despois de recoller datos abondo e propoñer a súa idea no congreso extraordinario da ONU co apoio incondicional dos franceses, conseguiu todos os votos a favor para iniciar unha misión con un único obxectivo: salvar o noso planeta.

56.- Pokemon Cambiaformas Zoroark

Dani Agrelo

Nena: papá, papá, pódeme contar a historia do raposo branco?

Pai: Claro que si, filliña miña!

Ocorreu unha vez na cidade Malvalona, un bonito lugar, pero non un lugar normal: Alí non había animais senón pokemons. Ese día volvera de vacacións o mellor detective da rexión, o gran Mateta. Dicíanse del moitas cousas... algunhas verdadeiras outras falsas. O que estaba claro é que era un home moi habilidoso.

Na cidade ocorreran moitos crimes, todos eles eran roubos pequenos de comida. Iso foi o que fixo que Mateta relacionase todos os roubos co mesmo ladrón cando Goku, un granxeiro da zona que se dedicaba ao cultivo de bagas citra, foi a informalo do sucedido xa que nesa rexión non actuaba a policía, o máis parecido que tiveran fora un neno de 10 anos...pero xa chovera dende esa!!

Tras recibir a noticia, Mateta empezou a recompilar datos.

— E como era ese tal Mateta, papá?

— Mateta? Mateta era alto, listo, feroso asi coma o teu pai. Só tiña un problema: non era galego, senón francés. A pesar diso tiña superpoderes, podía correr moi rápido, falar cos pokemons e era super forte. Imos seguir co conto.

O primeiro que fixo Mateta foi preguntarlle á xente que fora roubada, analizou a distribución das súas tendas, a distribución dos produtos roubados e despois interrogou a testemuñas no momento do roubo.

Tras analizar eses datos nas diferentes tendas caeu na conta de que o ladrón fuxira sempre hacia o norte. Entón Mateta preparou unha trampa para descubrir ao ladrón... e funcionou, pero a medias: o ladrón fuxiu, así que Mateta, coa súa super velocidade tratou de alcanzalo, pero nin Mateta o alcanzaba nin o ladrón se despegaba del. Mateta xa se decatara de que non podía ser un humano: era o mítico e imposible de capturar Pokemon Cambiaformas Zoroark, quen precisaba comida para alimentar a súa cría.

Mateta usou a súa habilidade dialéctica para dialogar con eles e dende entón e grazas á axuda que recibiu Mateta do seu amigo Mr.Beast cada semana lévanlle miles de bagas ao bosque para os pokemons dos arredores da cidade Malvalona

57.- Tempo

Laura Caneda Lago

Non sabía como pero alí se atopaba. Sentada diante do espello que a vira amencer durante os últimos catro anos. Levaba tanto tempo pensando no día que abandonaría ese caótico lugar e todo volvería a ser paz e tranquilidade na súa vida que quería deixalo todo listo.

Acababa de limpar absolutamente todo de forma cautelosa, aseárase sentindo cada unha das gotas daquela ducha percorrer o seu corpo por última vez e fixera a cama coa maior tranquilidade posible; estaba preparada para deixar atrás aquel piso e esa etapa caótica da súa vida, aquela sería a primeira decisión que non lle pesaría ter tomado.

Sentou no centro do colchón e pechou os ollos recordando todo o que a levara ata alí, as boas e malas decisións, das que agora non servía de nada lamentarse. Sería como berrarlle á parede que non era o suficientemente grande, esta non ía medrar soa, e así se sentía cando pensaba nela vivindo alí un día máis, como unha parede pequena e abandonada.

Apertou os ollos intentando non sentirse culpable e pensou nas persoas que realmente a marcaran: os seus pais, que malia terse separado cando ela era unha cativa lle ensinaron o valor de

querer as persoas que te rodean; en Leire, a única persoa que sempre estaba alí para escoitala queixarse por milésima vez do primeiro que lle pasase pola cabeza e tamén para facela rir ; neste momento repensou a decisión de marchar, pero Leire podería superar e comprender por que marchaba sen problema; e, por último, pensou nel, a persoa que a axudara tanto e que despois lle romperá as esperanzas en mil anacos.

Comezáronlle a saír bágoas dos ollos, coa súa mente percorreu todos os momentos felices que pasara con Eivide, sentiuse impotente ao seguir sorrindo cando o recordaba, pero que máis daba... Ao fin e ao cabo, se todo marchaba ben, non o volvería ver.

De repente deixou de sentir, suspirou e esbozou un sorriso, observou os seus brazos e viuse reflectida no espello, desprendéndose de todos os males que lle comían a cabeza dende facía moito tempo, demasiado tempo.

58.- Voces

Brais Cortizo

Aí estaba eu, volvendo a oír todas esas voces que me torturaban desde detrás das portas: “abre, abre!!!”, tentando lembrar cando fora a primeira vez que as oíra...

Si... si... 5 anos?

No aniversario da miña curmá??

Pero este día as voces eran distintas; soaban asustadas, como se as estivesen afogando.

Ignoreinas.

Espertei pola mañá cedo, fixen a cama, ducheime, preparei o almorzo e amañei todo para ir traballar. Entón descubro que a porta só tiña pomo polo lado de fóra.

59.- Xogando a ser maiores

Naira Vázquez Brea

Tras a única fiestra que deixa ver algo de luz atópase Xoán, as bágoas caen polas súas meixelas sen control ningún, procurando non facer ruído.

Van xa 5 meses dende a morte de Fer, o seu mellor amigo, pero el aínda non o superou. Ao principio decidiu evadirse da realidade e para elo só saía de festa, entre alcohol e nicotina...

A súa vida xa non merecía chamarse así, e por iso e con axuda especializada decidiu cambiar. As penas que antes afogaba en alcohol, agora afogábaas en bágoas. E o que antes eran cinzas de tabaco agora convertéronse en grafito do lapis correndo por un papel.

Aínda que Xoan o intentaba, cando el debuxaba só lle viñan imaxes desa noite. Aquela onde por insistencia del, Fer saíra de festa. Xogaban a ser maiores, porque sabían que ao final da caída sempre habería unhas mans que os levantarían de novo.

Pero esas mans que eles crían que estarían esa noite... non estaban. Polo menos cando Fer caeu accidentalmente da azotea onde se atopaban.

Xoan xamais esqueceu esa imaxe. Non atopaba a resposta á morte de Fer. E iso é o que buscaba cando as sabas do seu cuarto apareceron empapadas en sangue. Polo menos iso é o que Xoan escribiu na carta que lle deixou á súa nai.

Contou tamén que agora estaría feliz, atopando unha resposta, e quen sabe, quizá ao seu amigo.

60.- Un amigo de verdade

Rubén Navarro

Anxo chegou á casa desolado e triste. Tirou a mochila enriba da cama, deitouse e pechou os ollos. Non o podía crer, o seu mellor amigo confesoulle que a súa nai estaba moi enferma. Precisaba un tratamento moi caro e non tiñan os suficientes recursos económicos, era una situación desesperada.

Non pechou ollo durante a noite tras espertar varias veces suando e tremendo... e pola mañá custoulle erguerse. Tiña que que axudar a Lucas, pero como?

Entón lembrou: A caixa amarela!!!

Colleu na caixiña amarela unhas moedas de ouro que o seu avó lle regalara e correu vendelas para poder conseguir o seu obxectivo. Mentres corría cara á casa de Lucas pensou que o seu avó tamén faría o mesmo.



61.- O Poder da Política

Diego Losada Millán


Como cada noite ao dar as once fun para a cama, coa intención de escoitar algo de música ou botar unha última ollada ás novas que aparecen por internet.

O certo foi que no remexido de sucesos e anécdotas, fixei a miña mirada nunha fotografía que apareceu case por casualidade: a imaxe dunha nena aferrada a un boneco, co seu rostro inocente cheo de tristura, asustado, unha man fortemente agarrada á dunha muller, que supoño podería ser a súa nai, tamén co rostro asustado, o igual que o resto das persoas que as arrodeaban.

O lugar onde vivían foi destruído, todo é destrución....

Canta tristura!!!

Só desexei que esa nena e todos os nenos puidesen voltar a sorrir e a correr, saltar e vivir como o que son, uns seres inocentes, e que eses pais poidan sorrir tamén ao seu carón.



RETALLOS é unha recompilación de microrrelatos nacidos da inesgotable creatividade do alumnado do noso instituto.

Nas súas páxinas atoparedes pequenas historias do máis variado, contadas desde a sobriedade, a melancolía, o humor, as emocións... e sempre con imaxinación.

Son historias que vos farán emocionar, reflexionar, rememorar, rir, fantasear...

En fin, que non vos van deixar indiferentes.

Deixádevos levar por elas !

**I.E.S. ARMANDO
COTARELO VALLEDOR**

